

## **O comezo de curso co novo Decreto do Plurilingüismo supón derramar cartos en tempos de crise e crear problemas onde non os había**

A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización Lingüística (CGENDL) quere manifestar as súas consideracións pola situación que está a ocasionar nos centros educativos a implantación do coñecido como “decreto do plurilingüismo” no inicio do novo curso 2010-2011.

1º) **Falta de materiais en lingua galega.** A nova lexislación contempla a previsión dunha oferta de materiais educativos nos dous idiomas oficiais para asegurar a “liberdade de escolla” nos centros; porén, destaca a notable falta de materiais en lingua galega, feito que supón un impedimento para impartir as materias na lingua propia de Galicia así como unha discriminación, dado que si os hai en castelán.

2º) **Gastos innecesarios.** Co novo decreto hai que comprar libros novos, que aínda estaban vixentes en canto a contidos, simplemente porque se impón o cambio da lingua. Por unha banda, a Consellería de Educación malgasta fondos públicos polo novo desembolso que debe facer dentro do programa de gratuidade. Por outra banda, supónlle ás familias un custe moi elevado e ás veces innecesario; mesmo se deron casos de centros que decidiron non poñer libro de referencia en materias que agora se teñen que dar en castelán e, curiosamente, están a aparecer estes libros nas bolsas que levan as familias.

3º) **O profesorado e os equipos directivos senten un forte malestar** coa situación creada co decreto xa que, ademais de impoñérselle o castelán aos e ás docentes facendo caso omiso de leis superiores que promoven a normalización do galego, ocasiona numerosas dificultades nos centros ao teren que deseñar proxectos lingüísticos pensados por quen descoñece totalmente a realidade dos centros educativos.

4º) **Non se vai acadar o 50% de materias impartidas en galego** na maioría dos centros e vai haber alumnado que nin sequera recibirá o terzo que lle tocaría nos centros plurilingües, xa que son as materias que son de obrigada impartición en galego as que maioritariamente se pasan a dar en inglés, sendo o resto en castelán. En consecuencia, non se garante a competencia lingüística en galego do alumnado tal e como determina a Lei Orgánica de Educación.

**Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística  
(CGENDL)**